




# Metrominuto

## Camiñando ao IES Sánchez Cantón



O esquema foi realizado polo alumnado do **agrupamento de Matemáticas de 2º ESO C/D**. Os datos visibles no esquema foron obtidos polo mesmo alumnado.

Para realizar os cálculos tiveron que, en primeiro lugar, estimar a velocidade media dunha persoa camiñando. Para iso, mediron distancias e tempos empregados camiñando en terreo chan e subindo e baixando pendentes.

Despois, coa aplicación Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) da Consellería do Medio Rural e do Mar, determinaron as distancias do IES Sánchez Cantón a cada un dos puntos que figuran no gráfico.

Por último, calcularon tempos para cada distancia. Para o cálculo, deberon usar a velocidade media obtida previamente, cambiar unidades de medida (de metros a quilómetros, de horas a minutos), facer aproximacións dos decimais e, por último, volcar a información nun esquema feito con GeoGebra. Como forma de aforrar tempo realizaron o cálculo de tempos cunha folla de cálculo Excel.

Organizou: Dto. de Matemáticas IES Sánchez Cantón. Pontevedra, 18 de Maio do 2015